



Subvencions, axudas, bolsas e premios no ámbito do emprego e formación

Resumo das axudas, subvencións, bolsas e premios no ámbito do emprego e da formación, actualizadas a 19 de xaneiro de 2010

Os datos publicados teñen exclusivamente carácter informativo. É conveniente que consultes as bases na publicación oficial correspondente a aquelas convocatorias concretas que sexan do teu interese, co obxecto de evitar posibles erros que poidan producirse de transcripción e/ou cómputo de prazos.

Axudas de carácter estatal:

Resolución do 21 de decembro de 2009, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola que se aproba a convocatoria de bolsas para cidadáns españois e iberoamericanos para ampliación de estudos artísticos na Academia de España en Roma, en colaboración coa Fundación Rafael del Pino, curso académico 2010-2011.

Convoca: Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (Aecid)

Publicación: BOE do 30 de decembro de 2009

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 12 de febreiro de 2010

Resolución do 18 de novembro de 2009, da Presidencia da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se publica convocatoria do subprograma JAE-predoc de axudas para o desenvolvemento de teses doutorales do ano 2009, no marco do programa «Xunta para a Ampliación de Estudos» do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Publicación: BOE do 18 de xaneiro de 2010

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 2 de febreiro de 2010

Bolsas e contratos do Programa Salvador de Madariaga, no Instituto Universitario Europeo de Florencia

Convocatoria de 16 bolsas e contratos do Programa Salvador de Madariaga no Instituto Universitario Europeo de Florencia (IUE), no marco do estatuto do persoal investigador en formación, do Programa Nacional de Formación de Recursos Humanos de Investigación, do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011.

As subvencións facilitarán a formación de doutores/as nas áreas de ciencias humanas e sociais, historia, dereito, economía e ciencias políticas e sociais, en execución do Programa Salvador de Madariaga. A duración máxima das axudas será de corenta e oito meses, contados a partir da data de alta no centro de adscrición, sen prexuízo do resultado da avaliación das memorias anuais que deberán presentar as persoas beneficiarias como accións de seguimento. Do devandito período descontaranse, en todo caso, os meses gozados con anterioridade nos estudos realizados na IUE en cursos académicos anteriores.

As axudas estrutúranse en dous períodos diferenciados, o primeiro en réxime de bolsa e o segundo de contrato en prácticas, de conformidade co disposto no artigo 4.1 do Real decreto 63/2006, polo que se aproba o estatuto do persoal investigador en formación.

Dotación das axudas:

- a) Unha dotación económica mensual de 1400 euros durante a fase de bolsa durante os dous primeiros anos e de 1500 euros durante a fase de contrato durante o terceiro e cuarto ano.
- b) Unha axuda de viaxe de incorporación para o primeiro e outra para o terceiro ano por un importe total de 700,00 euros cada unha.
- c) As persoas beneficiarias das axudas serán incorporadas ao réxime xeral da Seguridade Social e terán a cobertura da asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social.

Convoca: Ministerio de Educación

Consulta as bases en:

<http://web.educación.es/universidades/>

<http://www.eui.eu/programmesandfellowships/doctoralprogramme/grantinfo.aspx>.

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Prazo de presentación: ata o 31 de xaneiro de 2010

Axuda para persoal investigador en formación no marco de I+D+i
Axudas para persoal investigador en formación, no marco do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (I+D+i), para o período 2008-2011.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Requisitos: posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea ou ser estranxeiro/a residente en España no momento de solicitar a axuda. Cumprir todos os requisitos necesarios para a obtención do título requirido (enxeñeiro/a). A data de finalización dos devanditos estudos superiores deberá ser posterior a xaneiro de 2006.

Consulta as bases en: BOE do 12 de xaneiro de 2010

Prazo de presentación: ata o 27 de xaneiro de 2010

Resolución do 16 de decembro de 2009, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola que se aproba a **convocatoria de Lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras para 2010/2011**

Convoca: Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (Aecid)

Publicación: BOE do 12 de xaneiro de 2010

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 10 de xuño de 2010

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o desenvolvemento, pola que se fai pública a convocatoria da XXIII edición do «Premio de Ficción Radiofónica Margarita Xirgu**», correspondente o ano 2009.**

Convoca: Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (Aecid)

Publicación: BOJA do 18 de decembro de 2009

Prazo de presentación: ata o 19 de marzo de 2010

Orden EDU/3623/2009, do 17 de decembro, pola que se convocan prazas para profesores visitantes en centros escolares dos Estados Unidos de América e Canadá, para o curso académico 2010/2011.

Publicación: BOE do 8 de xaneiro de 2010

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 26 de xaneiro de 2010

Resolución do 14 de xaneiro de 2010, do Instituto da Xuventude, pola que se convoca a concesión de axudas para a realización de actividades financiadas pola Comisión Europea no marco do programa de acción comunitario «A Xuventude en acción».

Convoca: Ministerio de Igualdade

Publicación: BOE do 15 de xaneiro de 2010

Prazo de presentación: Aberto

Resolución do 30 de decembro de 2009, da Secretaría de Estado de Investigación, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2010 do procedemento de concesión de axudas para a realización de proxectos de investigación e accións complementarias dentro do Programa Nacional de Proxectos de Investigación Fundamental, no marco do VI Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011.

Publicación: BOE do 31 de decembro de 2009

Consultar as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 31 de outubro de 2010

Microcréditos para emprendedoras

En virtude deste convenio, as caixas de aforros poderán ofrecer financiamento, sen necesidade de avais persoais, para a posta en marcha, promoción, consolidación, crecemento e mellora, de proxectos empresariais.

Características dos microcréditos

A porcentaxe máxima do financiamento será do 95% do custo total do proxecto; cada préstamo terá unha contía máxima de ata 25.000 euros. O prazo de amortización será de cinco anos cun período de carencia opcional de seis meses, e o tipo fixo de xuro máximo será do 6%. Con este límite absoluto, que en ningún caso pode excederse, establécese un tipo variable do 1,5% sobre o índice de referencia Euribor. O crédito non terá comisión de apertura, de estudo nin de amortización parcial ou total.

Convoca: Ministerio de Igualdade, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Confederación Española de Caixas de Aforros

Solicitudes: o prazo máximo para contestar á solicitude de microcrédito será dun mes e non serán causas de exclusión automática ter unha hipoteca anterior, ser titular doutro préstamo persoal sempre que non se destinase ao mesmo negocio, ter cargas familiares ou carecer de experiencia empresarial. Ademais, prevese por primeira vez a posibilidade de refinarciados determinados proxectos, aínda que sempre en casos específicos, que teñan garantida a súa viabilidade desde o punto de vista empresarial.

Requisitos

Para beneficiarse dos microcréditos, as solicitantes deberán cumprir unha serie de requisitos:

Que inicien a súa actividade ou fose iniciada nun período inferior a tres anos. O devandito período poderá estenderse dous anos máis a condición de que o obxecto do financiamento vaia dirixido á consolidación e mellora da competitividade da empresa e non se trate dun mero refinarciados de negocios inviables.

Que presenten o plan de empresa precualificado favorablemente pola Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa (DGPEME), e o certificado de validación emitido polas asociacións de mulleres e ONG de acción social, coas que o Ministerio de Igualdade subscribiu os correspondentes acordos de colaboración.

Premios Ejército 2010

Premios Ejército 2010, edición XLVIII nas modalidades de: pintura, fotografía, miniaturas militares, ensinanza escolar e investigación en humanidades e ciencias sociais.

Convoca: Ministerio de Defensa

Consulta as bases en: [BOE n.º 301 do 15 de decembro de 2009](#)

Prazo de presentación: do 15 de marzo ao 16 de abril, a excepción da modalidade de ensinanza escolar que disporán ata o 31 de marzo.

Programa iberoamericano de formación

75 axudas para participar nos cursos organizados coa colaboración do Instituto Nacional de Administración Pública.

Convoca: Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

Prazo de presentación: remata o día de comezo dos cursos que figuran no anexo da convocatoria do BOE.

Consulta as bases en: [BOE n.º 281 do 21 de novembro de 2009](#)

<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Bolsas para persoas de nacionalidade española para prácticas de Xestión Cultural e Cooperación Cultural para o Desenvolvemento para persoas menores de 30 anos licenciadas en áreas afíns á xestión cultural, cooperación cultural ao desenvolvemento e relacións internacionais.

A dotación da bolsa será de: 2200 euros mensuais (Xapón); 1800 euros mensuais (países da UE, excepto España, e Occidentais -inclusive Rusia e Turquía), Asia-Pacífico (inclusive Irán) e África; 1500 euros mensuais (España e resto de países).

Convoca: Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

Consulta as bases en: [BOE n.º 306 do 21 de decembro de 2009](#)

http://www.abertal.org/europaapunto/index.php?option=com_content&view=article&id=45&Itemid=35&lang=gl

Prazo de presentación: ata o 29 de xaneiro de 2010

Resolución do 7 de decembro de 2009, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola que se aproba a convocatoria dos programas de «Bolsas MAEC-AECID» do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, para cidadáns estranxeiros para o curso académico 2010-2011.

Convoca: Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

Publicación: BOE do 2 de xaneiro de 2010

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 1 de marzo de 2010

Resolución do 9 de decembro de 2009, do Instituto Nacional da Administración Pública, pola que se convoca unha bolsa Fulbright de formación e perfeccionamento profesional nos Estados Unidos de América, para o curso académico 2010-2011.

Convoca: Ministerio das Administracións Públicas

Publicación: BOE do 12 de decembro de 2009

Características: ser funcionario/a da carreira do subgrupo A1 dos corpos ou escalas adscritos ao Ministerio da Presidencia, en situación administrativa de servizo activo.

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 20 de xaneiro de 2010

Bolsas de viaxe "Ruth Lle Kennedy" para mulleres (posgraduadas no estranxeiro)

Convocatoria de tres bolsas parciais (bolsas de viaxe) destinadas a mulleres universitarias que queiran ampliar coñecementos ou investigar en centros de ensino superior nos Estados Unidos de América

Convoca: Instituto Internacional/Fullbright España

Requisitos: ser muller e ter nacionalidade española ou doutro país membro da Unión Europea, que obtivera a licenciatura ou o doutoramento nunha universidade española en xuño de 2003 ou en data posterior. Posuír excelente coñecemento de inglés (falado e escrito) e poder demostralo.

Consultar as bases en: <http://www.fulbright.es>

Prazo de presentación: ata o 15 de febreiro de 2010

Resolución do 10 de decembro de 2009, da Presidencia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola que se aproba a convocatoria dos programas de «Bolsas MAEC-AECID», para cidadáns españois para o curso académico 2010-2011.

Convoca: Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación

Publicación: BOE do 21 de decembro de 2009

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 15 de marzo de 2010

Orde EDU/1795/2009, do 23 de xuño, pola que se convocan subvencións para favorecer a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes en ensinanzas universitarias oficiais de máster, para o curso académico 2009-2010, incluídos os desenvolvidos conxuntamente por universidades francesas e españolas.

Convoca: Ministerio de Educación

Publicación: BOE do 6 de xullo de 2009

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Orde EDU/2933/2009, do 23 de outubro, pola que se convocan subvencións para favorecer a mobilidade de profesores/as e de estudantes en ensinanzas de doutoramento para o curso académico 2009 - 2010.

Convoca: Ministerio de Educación

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 8 de febreiro de 2010

Resolución do 23 de setembro de 2008, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se determina a forma e prazos de presentación de solicitudes e de tramitación para a concesión de subvencións durante o proceso de busca de emprego e para facilitar a mobilidade xeográfica establecidas no Real decreto-lei 2/2008, do 21 de abril, de medidas de impulso á actividade económica no ámbito de xestión deste organismo.

Convoca: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Publicación: BOE do 10 de outubro de 2008

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Lei 35/2007 pola que se establece a **dedución** por nacemento ou adopción no imposto sobre a renda das persoas físicas e a prestación económica de pagamento único da Seguridade Social por nacemento ou adopción.

Convoca: Xefatura do Estado

Publicación: BOE do 16 de novembro de 2007

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Resolución do 6 de novembro de 2009, da Presidencia da Axencia Estatal de Avaliación de Políticas Públicas e Calidade dos Servizos, pola que se convocan bolsas de formación para titulados/as superiores universitarios/as en materias relacionadas coa avaliación das políticas públicas e a calidade dos servizos.

Convoca: Ministerio de Administracións Públicas

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Publicación: BOE do 23 de novembro de 2009

Prazo de presentación: ata o 23 de xaneiro de 2010

Orde CUL/3463/2009, do 10 de decembro, pola que se convocan bolsas de formación e especialización en actividades e materias da competencia das institucións culturais dependentes do Ministerio de Cultura, e do Colexio de España en París, correspondentes ao ano 2010.

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Publicación: BOE do 22 de decembro de 2009

Prazo de presentación: ata o 21 de xaneiro de 2010

Resolución do 14 de decembro de 2009, do Consello Económico e Social, pola que se convocan os Premios do Consello Económico e Social para teses doutorais, convocatoria ano 2009.

Convoca: Consello Económico e Social

Publicación: BOE do 22 de decembro de 2009

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 15 de febreiro de 2010

Resolución do 14 de decembro de 2009, do Consello Económico e Social, pola que se convocan Premios de Investigación do Consello Económico e Social, convocatoria ano 2009.

Publicación: BOE do 22 de decembro de 2009

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 30 de setembro de 2011

Préstamos - Renda Universidade 2009 para o curso académico 2009-2010

A finalidade xeral dos préstamos é facilitar o financiamento dos ensinos universitarios de máster oficial e/ou de doutoramento que se impartan en España ou as equivalentes nos países do Espazo Europeo de Educación Superior, Estados Unidos de América e Canadá, mediante unha axuda inicial así como, de ser o caso, facilitarlle unha renda mensual ao estudiantado que o desexe.

Consulta as bases en:

<http://www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias/titulados-doctores-profesores/prestamos-renda-universidad/periodo-2009.html>

Teléfono de atención: 902 21 85 00

Prazo de presentación: ata o 30 de maio de 2010

Convocatoria de bolsas Argo Global para persoas tituladas universitarias en empresas europeas.

A convocatoria ARGO GLOBAL foi publicada o día 3 de decembro de 2009. Esta nova convocatoria amplía os destinos de prácticas a EE.UU., Canadá e Asia. Concederanse 1000 bolsas a persoas tituladas universitarias nun prazo de 3 anos.

Consulta as bases en: <http://www.bolsasargo.es>

Prazo de inscrición: consultar en <http://www.bolsasargo.es>

Axudas de carácter autonómico

Orden do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

Publicación: DOG do 29 de decembro de 2009

Consultar as bases en:

Prazo de presentación: ata o 29 de xaneiro de 2010

Orden do 26 de decembro de 2007 por la que se regula la xestión da renda básica de emancipación dos mozos e mozas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convoca: Consellería de Vivenda e Solo

Publicación: DOG do 4 de xaneiro de 2008

Consulta as bases en:

Prazo de presentación: aberto

Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2010 o amparo do Decreto 48/2006, de 23 de febreiro, que regula o Programa de vivenda en aluguer.

Convoca: Instituto Galego de Vivenda e Solo

Publicación: DOG de 8 de xaneiro de 2010

Requisitos: Subvencións para o arrendamento e a rehabilitación de vivendas e posterior aluguer.

Prazo de presentación: Aberto

Resolución do 9 de marzo de 2007 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras dos **incentivos económicos do Igape e se procede á convocatoria de determinadas liñas de axuda.**

Convoca: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Publicación: DOG do 14 de xuño de 2007

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: aberto

Resolución do 7 de abril de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para o **apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia** financiadas con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao amparo das liñas ICO 2009 instrumentadas mediante o convenio de colaboración entre este instituto e as entidades financeiras.

Convoca: Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Publicación: DOG do 17 de abril de 2009

Consulta as bases en:

http://www.060.es/te_ayudamos_a/ayudas_bolsas_y_subvenciones/com_mon/bolsas.pdf

Prazo de presentación: ata o 21 de febreiro de 2010

Axudas de carácter privado

Axudas para persoas tituladas universitarias que obteñan prácticas non remuneradas nunha institución da Unión Europea durante o ano 2010.

Convócanse dezaoito mensualidades de bolsa para financiar períodos de prácticas non remunerados nas institucións comunitarias durante o ano 2010.

Convoca: Fundación Galicia Europa

Consulta as bases en:

http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2_ver.asp?idSeccion=8&idTem_a=157&idNoticia=139

Prazo de presentación: ata o 30 de outubro de 2010

Catro bolsas de colaboración no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Formación no proxecto de catalogación dos fondos bibliográficos, formación no proxecto de dicionarios de literatura, formación no proxecto de Corpus Documentale Latinum Gallaeciae, formación no proxecto Corpus de referencia do galego actual.

Convoca: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea
- b) Estar en posesión do título de licenciado ou licenciada
- c) Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga

Importe das bolsas: asignación mensual de 954 €, seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes

Consulta as bases en: DOG do 11 de xaneiro de 2010
<http://www.cirp.es/>

Prazo de presentación: ata o 11 de febreiro de 2010

Convocatoria de 80 bolsas para a realización de estudos de posgrao (máster, doutoramento ou traballos de investigación) en universidades e centros superiores de investigación de Europa (excepto España), Estados Unidos e Canadá para o curso académico 2010-2011.

Convoca: Fundación Caixa Madrid

Requisitos: persoas de nacionalidade española licenciados/as, enxeñeiros/as superiores, informáticos/as superiores e arquitectos/as superiores con proxectos de fin de carreira presentados e aprobados. Estudantes que ao longo do curso académico 2009-2010 se atopen cursando o último ano de licenciatura.

Consultar as bases en:
bolsas-fundacion@cajamadrid.es
<http://www.fundacioncajamadrid.es>

Prazo de presentación: ata o 29 de xaneiro de 2010

Bolsas Colección CAM de Artes Plásticas

Caixa Mediterráneo convoca publicamente a VII edición das Bolsas Colección CAM de Artes Plásticas, destinadas a proxectos de investigación individuais ou colectivos. No caso de proxectos colectivos será obrigatorio o nomeamento dunha soa persoa como responsable do traballo.

Obxectivo: fomentar e descubrir novos valores creativos entre os novos artistas nas modalidades de pintura, escultura, debuxo, fotografía, vídeo e técnicas dixitais.

Premio: sen cambio de residencia: 14.000 euros. Con traslado a outro país, distinto ao da súa residencia actual, 24.000 euros.

Requisitos: ter entre 23 e 40 anos na data de envío da solicitude. Artistas de nacionalidade española ou estranxeiros con residencia acreditada en España, tanto intracomunitarios como extracomunitarios.

Consulta as bases en:

obra-social@cam.es <http://obrasocial.cam.es/>

Prazo de presentación: ata o 25 de xaneiro de 2010

A Fundación Pedro Barrié de la Maza ofrece 32 bolsas para a realización a tempo completo de programas de máster, doutoramento ou realización de estadias de investigación posdoutoral. Tamén se admitirán en función do interese do tema e da valía do candidato estadias de investigación científica aínda que non conduzan ás citadas titulacións.

Convoca: Fundación Pedro Barrié de la Maza

Consulta as bases en:

<http://www.fbarrie.org/fundacion/gallego/home.htm>

Lugar de goce: nos mellores centros académicos e investigadores dos Estados Unidos, Europa (excepto España) e Asia (máster, preferentemente MBA)

Prazo de presentación: ata o 31 de marzo de 2010

100 bolsas de mobilidade para cursar estudos de másteres oficiais, en calquera universidade española, durante o curso 2010-2011.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores que queiran cursar un máster que implique tanto o cambio de universidade como o de comunidade autónoma de residencia.

Os estudos obxecto das presentes bolsas deben ser a tempo completo e cunha carga lectiva mínima de 60 créditos ECTS anuais.

Os/As solicitantes que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional (Erasmus Mundus ou outros) deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade española.

Convoca: Fundación La Caixa

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/espana_é.html

Prazo de presentación: ata o 7 de abril de 2010

Programa internacional de doutoramento La Caixa/CNIO

Dez bolsas cunha duración de catro anos. As persoas candidatas deben ter un expediente académico excelente, un alto nivel de inglés e deben contar con experiencia previa en investigación.

Convoca: Fundación La Caixa

Consulta as bases en:

<http://www.cnio.es/es/cursos/programadoctorado.asp>

Prazo de presentación: ata o 14 de marzo de 2010

40 bolsas para cursar estudos de posgrao, en calquera universidade de Estados Unidos, durante o curso 2011-2012.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a graduados/as, licenciados/as e titulados/as superiores.

Os estudos sufragados son de máster ou doutoramento. Tamén se admiten, en función do interese do tema e da valía da persoa candidata, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2011-2012, previsiblemente durante o mes de agosto ou setembro de 2011.

As persoas solicitantes que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade dos Estados Unidos.

Convoca: Fundación La Caixa

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/eeuu_é.html

Prazo de presentación: ata o 30 de abril de 2010

20 bolsas para cursar estudos de posgrao, en calquera universidade de Francia, durante o curso 2010-2011.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores.

Os estudos que se realicen son de máster ou doutoramento. Tamén se admiten, en función do interese do tema e da valía da persoa candidato, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2010-2011, previsiblemente durante o mes de setembro ou outubro de 2010.

As persoas que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional (Erasmus Mundus ou outros) deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade francesa.

Convoca: Fundación La Caixa e a Embaixada de Francia en España

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/francia_é.html

Prazo de solicitude: ata o día 7 de abril de 2010

Cinco bolsas para cursar estudos de posgraao, durante o curso 2010-2011, en calquera universidade do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) salvo Alemaña, Francia, Reino Unido e España, para os que xa hai convocatorias específicas.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores.

Os estudos son de máster ou doutoramento. Tamén son admitidos, en función do interese do tema e da valía da persoa candidata, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2010-2011, previsiblemente durante o mes de setembro ou outubro de 2010.

No caso de solicitudes para cursar un máster internacional (Erasmus Mundus ou outros), as persoas seleccionadas teñen que ter en conta que deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade do EEES, salvo de Francia, Alemaña, Reino Unido e España, nese caso deben canalizar a solicitude a través do programa específico para estes países.

Convoca: Fundación La Caixa

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/otroseuropeos_é.html

Prazo de presentación: ata o día 7 de abril de 2010

Cinco bolsas para cursar un Master of Business Administration (MBA) na China Europe International Business School (CEIBS), establecida en Xangai.

Os/as bolseiros/as deben desprazarse a Xangai en xullo de 2011 para iniciar un curso de mandarín, tras o cal se incorporarán ao máster, cunha duración de 18 meses. En total, a bolsa cubre un máximo de 20 meses seguidos de estancia na China.

Convoca: Fundación La Caixa e Casa Asia

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/china_é.html

Prazo de presentación: ata o 31 de agosto de 2010

Dúas bolsas para cursar un Post Graduate Programme in Management (PGP) na Indian School of Business (ISB), establecida en Hyderabad.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse á mencionada escola en abril de 2011 para empezar o PGP, que ten unha duración dun ano.

Convoca: Fundación La Caixa e Casa Asia

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/india_é.html

Prazo de presentación: ata o 31 de agosto de 2010

Cinco bolsas para cursar estudos de posgrao, en calquera universidade do Canadá, durante o curso 2011-2012.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores.

Os estudos son de máster ou doutoramento. Tamén se admiten, en función do interese do tema e da valía da persoa candidata, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2011-2012, previsiblemente durante o mes de setembro ou outubro de 2011.

As persoas candidatas que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade do Canadá.

Convoca: Fundación La Caixa e a Fundación Canadá

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/canada_é.html

Prazo de presentación: ata o 30 de abril de 2010

20 bolsas para cursar estudos de posgrao, en calquera universidade do Reino Unido, durante o curso 2011-2012.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores.

Os estudos son de máster ou doutoramento. Tamén se admiten, en función do interese do tema e da valía da persoa candidata, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2011-2012, previsiblemente durante o mes de setembro ou outubro de 2011.

As persoas solicitantes que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional deben realizar a primeira parte destes estudos nunha universidade do Reino Unido.

Convoca: Fundación La Caixa

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/reinounido_é.html

Prazo de presentación: ata o 30 de abril de 2010

20 bolsas para cursar estudos de posgrao, en calquera universidade de Alemaña, durante o curso 2010-2011.

A convocatoria contempla todas as áreas do coñecemento e está dirixida a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores.

Os estudos son de máster ou doutoramento. Tamén son admitidos, en función do interese do tema e da valía da persoa candidata, os proxectos de formación básica en investigación científica e técnica.

Os/As bolseiros/as deben incorporarse ás respectivas universidades no curso 2010-2011, previsiblemente durante o mes de setembro ou outubro de 2010.

As persoas solicitantes que obteñan unha bolsa para cursar un máster internacional (Erasmus Mundus ou outros) deben cursar a primeira parte destes estudos nunha universidade alemá.

Convoca: Fundación La Caixa e o Deutscher Akademischer Austausch Dienst (DAAD)

Consulta as bases en:

http://obrasocial.lacaixa.es/ambitos/becas/alemania_é.html

Prazo de presentación: ata o 7 de abril de 2010

22 bolsas para a realización de estudos en universidades e centros de investigación no estranxeiro, durante o curso 2010/2011, sobre temas de economía e dereito da Unión Europea.

Convoca: Fundación Ramón Areces

Consulta as bases en:

<http://www.fundacionareces.es/fundacionareces/cargaraplicacionagendaeventos.do?idTipoEvento=3&texto=&idSubtipoEvento=0&fechaInicio=&identificador=1069&fechaFinalizacion=&nivelAgenda=2>

Prazo de presentación: ata o 26 de febreiro de 2010

Vinte e dúas bolsas para a realización de estudos en universidades e centros de investigación no estranxeiro, durante o curso académico 2010/2011, sobre temas relacionados coas Ciencias da Natureza.

A convocatoria deste ano está orientada cara aos campos de: biomedicina, química, física e matemáticas, cambio climático e ciencias do mar

Convoca: Fundación Ramón Areces

Consulta as bases en:

<http://www.fundacionareces.es/fundacionareces/cargaraplicacionagendaeventos.do?idTipoEvento=3&texto=&idSubtipoEvento=0&fechaInicio=&identificador=1058&fechaFinalizacion=&nivelAgenda=2>

Prazo de solicitude: ata o 29 de marzo de 2010

Bolsas áreas centrais

Período de prácticas de 6 meses a un ano de duración en Madrid, mediante a integración nun grupo dinámico, onde se potencia o desenvolvemento persoal e profesional. Participación nas funcións e proxectos propios do departamento no que se realicen as prácticas.

Requisitos:

Estudantes de último curso ou recentemente licenciados/as en Administración e Dirección de Empresas, Economía, CC. Actuariais e Financeiras, Estatística, Dereito, enxeñarías superiores, Matemáticas e Físicas...

Estudantes de posgrao (máster, MBA, doutoramento).

Valoraranse nivel alto inglés e coñecementos avanzados do paquete do Office.

Convoca: BBVA

Consulta as bases en:

<https://www.bbva.es/tlbs/tlbs/jsp/esp/conozcan/emplbbva/oferbec/index.jsp#0>

Prazo de presentación: aberto

O Programa de Formación da FC ten como obxectivos facilitar e promover a ampliación de estudos de licenciados/as universitarios/as así como a especialización e actualización de coñecementos de persoas posgraduadas, profesorado, persoal investigador, artistas e profesionais procedentes de América latina.

Para o curso académico 2010-2011, a actividade formativa da FC articúlase a través de catro modalidades de bolsas: bolsas de posgrao, de doutoramento e estancias curtas posdoutorais, de formación permanente e bolsas institucionais.

O número total de bolsas e axudas ofertadas no Programa de Formación correspondente á convocatoria 2010-2011 ascende a 1645, que se desagregan da seguinte maneira:

1092 bolsas de posgrao, 248 bolsas de doutoramento e de estancias curtas posdoutorais, 252 bolsas de formación permanente e 53 bolsas institucionais.

Fundación Universia e Fundación Carolina colaboran conxuntamente co fin de fomentar e contribuír a facer efectivo o principio de igualdade para as persoas con discapacidade. Para tal fin, Fundación Universia, en colaboración coa Fundación Carolina, pon en marcha un programa de axudas complementarias para persoas con discapacidade acreditada e que sexan beneficiarias dunha bolsa da Fundación Carolina. Informarase do funcionamento destas axudas ás persoas beneficiarias das bolsas unha vez que estas sexan concedidas.

Para a convocatoria de bolsas 2010-2011, a Fundación Carolina mantén simultaneamente na súa oferta programas oficiais, títulos propios das universidades e programas de especialización, co obxectivo de xuntar as necesidades e demandas de América Latina coa propia oferta de educación superior en España.

Convoca: Fundación Carolina

Consulta as bases en: <http://www.fundacioncarolina.es/es-É/bolsas/presentacion/Paginas/presentacion.aspx>

Prazo de presentación: ata o 31 de marzo de 2010

Bolsas Asia-Pacífico 2010-2011

Características: o obxecto deste programa de **bolsas** é o de fomentar as relacións chinesas-españolas a través da mellora das habilidades lingüísticas de mozos/as profesionais no uso do idioma chinés mandarín.

Convoca: Fundación ICO

Consulta as bases en: <http://www.ico.es/web/contenidos/5337/index>

Prazo de presentación: ata o 23 de xaneiro de 2010

Programa Fulbright-Schuman para cidadáns/ás da Unión Europea. Curso 2010-2011. O obxecto do programa é estudar, investigar ou dar clases nunha universidade de Estados Unidos, ou recibir formación profesional nun centro especializado.

Convoca: Fulbright

Consulta as bases en: <http://www.fulbright.es/>

Prazo de presentación: ata o 1 de marzo de 2010

Convocatoria dunha bolsa de estudos para bacharelato internacional nos colexios do Mundo Unido.

A Fundación dota con 45.000 euros unha bolsa dirixida a persoas candidatas galegas para cursar estudos revalidables e equivalentes ao 2.º de bacharelato nalgún dos colexios do Mundo Unido.

Consulta as bases en: as bases da convocatoria xeral e os impresos de solicitude pódense obter na web da Fundación Comité Español dos Colexios do Mundo Unido, Plaza de las Salesas, 2-1.º, 28004 Madrid; Tel./Fax: 91 702 2424; correo: [**cmu@colegiosmundounido.es**](mailto:cmu@colegiosmundounido.es)

Páxina web: www.colegiosmundounido.es

Prazo de presentación: ata o 25 de febreiro de 2010

Convocatoria de bolsas para a ampliación de estudos artísticos na Real Academia de España en Roma destinadas a artistas, restauradores ou investigadores.

Convoca: Real Academia de España en Roma

Consulta as bases en: <http://bolsas.universia.net/>

Prazo de presentación: ata o 31 de xaneiro de 2010

Bolsas de comedor para a Universidade de Santiago de Compostela

Consulta as bases en: informa: www.usc.es
<http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Prazo de presentación: dende o 2 de novembro de 2009 ata o 30 de setembro de 2010

A Fundación Eduarda Justo convoca tres bolsas para a realización dun programa de posgrao nas universidades máis prestixiosas do mundo.

Trátase dunha iniciativa que premiará as tres persoas solicitantes con mellor formación e expediente académico, coa posibilidade de viaxar a outro país para realizar un máster de 1 ou 2 anos. A bolsa consiste no pagamento da matrícula do máster seleccionado, unha dotación de 1600 euros ao mes para manutención e aloxamento, unha dotación de 1000 euros para gastos de traslado e 2000 euros iniciais para os gastos do seguro médico, material, etc.

Convoca: Fundación Eduarda Justo

Consulta as bases en: <http://www.fundacioneduardajusto.es/>

Prazo de presentación: primeiro prazo ata o 14 de marzo de 2010 - segundo prazo ata o 30 de abril de 2010

Bolsas Másteres intensivos 2010

IED Madrid convoca concurso de bolsas para másteres intensivos en deseño e comunicación para o ano 2010.

Convoca: IED Madrid

Consulta as bases en: <http://www.iedmadrid.com>

Prazo de presentación: ata o 24 de xaneiro de 2010

17.^a edición do Programa de Bolsas AECA para Estudiantes Universitarios de Administración de Empresas. Ano 2010

Os bolseiros gozarán durante un ano das vantaxes do programa, entre as que se atopan a inscrición gratuíta durante un ano á asociación e diversas actividades de información e formación de carácter profesional.

Convoca: Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA)

Consulta as bases en: <http://www.aeca.es/>

Prazo de presentación: ata o 20 de xaneiro de 2010

Bolsas Expreso para prácticas profesionais en Europa

Convoca: Inter Europa

Lugar de goce: Europa, Francia, Italia, Reino Unido

Consulta as bases en : <http://www.intereuroparioja.org>

Prazo de presentación: ata o 1 de marzo de 2010

Google Europe Scholarship para estudantes de informática e ciencias computacionais con discapacidade

Convoca: Google Europe

Lugar de goce: Europa / Unión Europea

Consulta as bases en: <http://bolsas.universia.net/scholars-europe@google.com>.

Prazo de presentación: ata o 15 de marzo de 2010

Bolsas Adams 2009-2010

No marco das accións de responsabilidade social corporativa levadas a cabo polo centro de estudos Adams ofértanse para o curso 2009-2010 un total de 120 bolsas/axudas para alumnos/as en situación de desemprego, coa intención de favorecer a súa preparación para o acceso ao emprego público.

Convoca: Centro de Estudios Adams

Consulta as bases en: <http://www.adams.es>

Prazo de presentación: do 18 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2010

Convocadas por Institucións Europeas

Bolsas Erasmus Mundus

As bolsas están destinadas a licenciados/as e graduados/as en Psicoloxía para a realización do Máster Europeo en Psicoloxía do Traballo, as Organizacións e os RRHH (WOP-P).

Convoca: Unión Europea

Consultar as bases en: www.erasmuswop.org

Prazo de solicitude: ata o 20 de abril de 2010

Bolsas Vulcano en Xapón

Programa de bolsas para realizar prácticas en industrias xaponesas. As bolsas terán unha duración de oito meses. O alumnado participará nun seminario dunha semana en Xapón e nun curso intensivo de xaponés durante catro meses.

Dirixidas a novos estudantes de enxeñería e ciencias de calquera país da Unión Europea.

Convoca: Dirección Xeral da Unión Europea e o Ministerio de Economía, Comercio e Industria do Xapón

Consulta as bases en:

boletín Eurodesk xaneiro 2010

<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

Prazo de presentación: ata o 20 de xaneiro de 2010

Períodos de prácticas de estudo no Parlamento Europeo.

Co fin de contribuír á formación profesional da mocidade, así como a un mellor entendemento da institución e do seu funcionamento, o Parlamento Europeo ofrece diversos períodos de formación na súa Secretaría.

Consulta as bases en:

boletín Eurodesk xaneiro de 2010

<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

Prazo de presentación: ata o 1 de febreiro de 2010

Prácticas no Banco Europeo de Investimento

O Banco Europeo de Investimento ofrece prácticas durante o verán a estudantes. O Banco Europeo de Investimento (EIB) é a institución de financiamento da Unión Europea, a súa tarefa é contribuír á integración, desenvolvemento equilibrado e cohesión económica e social dos países membros.

Consulta as bases en:

<http://www.eib.org/about/jobs/summer/form.htm>

boletín Eurodesk xaneiro de 2010

<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

Prazo de presentación: ata ou 31 de marzo de 2010

Prácticas na Dirección Xeral de Tradución da Comisión Europea

Hai dous períodos de prácticas:

dende o 1 marzo de 2010 ata finais de xullo de 2010

dende o 1 outubro de 2010 ata finais de febreiro de 2011

Consulta as bases en:

http://ec.europa.eu/stages/index_en.htm

boletín Eurodesk de xaneiro de 2010

<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

Prazo de presentación: ata o 15 de febreiro de 2010